



**NÚMERO MÁXIMO DE PRAZAS DE NOVO INGRESO QUE SE OFERTAN NO CURSO 2020-21
NIVEIS BÁSICO E CURSO EXTRAORDINARIO (TARDES) E INICIACIÓN (MAÑÁS)**

Especialidades	TARDES* NIVEL	PRAZAS	MAÑÁS* NIVEL	PRAZAS
Pintura	Básico	1	Iniciación	3
Debuxo artístico	Básico	3	Iniciación	-
Ourivaría	Básico	-	Iniciación	1
Artesanía en coiro	Básico	-	Iniciación	5
Deseño e encaixe de palillos	Básico	5		
Moda e confección	Básico Extraordinario A Extraordinario B	- 8 5	Iniciación	2
(CAIM): Zanfona	Básico	7	Iniciación	1
(CAIM): Gaita	Básico	3		
Cerámica artística	Básico	1		
Encadernación	Básico	4	Iniciación	1
Serigrafía artística	Básico	9		

* Véxanse horarios na Convocatoria xeral publicada do curso 2020-21

Resume Convocatoria:

2.1. Preinscripción

1. Como consecuencia das especiais circunstancias producidas no curso 2019-20 debido á crise do COVID-19 e ao indicado no apartado 1 desta convocatoria, as prazas ofertadas para novo ingreso serán soamente aquelas que queden vacantes unha vez confirmada a matrícula por parte do alumnado procedente do curso 2019-20.
2. O número final de vacantes poderá estar condicionado así mesmo pola necesidade sobrevida de diminuir o número de alumnos/aula como consecuencia da obriga de respectar, se é o caso, a distancia social e aforo máximo indicado polas autoridades sanitarias. O listado final de vacantes será publicado, nos prazos indicados na presente convocatoria, no taboleiro de anuncios da EMAO e web municipal.
3. A preinscripción só poderá facerse:
 - **Por internet:** na web-EMAO cubrindo o formulario en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/ema021.php>
 - Debido ás especiais condicións provocadas pola crise COVID-19 non se poderá facer a preinscripción presencial na oficina da EMAO. Se precisa información ou axuda, pode pedir cita previa, nos horarios de atención ao público que se indican no apartado D da presente convocatoria.
4. O listado de persoas pre-inscritas exporase no taboleiro oficial de anuncios da EMAO e na web-EMAO.
5. No caso de que existan máis solicitudes cá prazas ofertadas realizaranse probas de acceso para asignar estas.
6. Unha vez finalizado o prazo de pre-inscripción e realizadas as probas de acceso, exporase no Taboleiro e na web-EMAO a relación definitiva de admitidos, clasificados por especialidades e cursos.
7. No caso de existiren máis solicitudes cá vacantes, terán preferencia, entre os que cumpran as condicións, aquellas persoas empadroadas en Vigo.
8. Conforme á normativa vixente, non poderán matricularse na EMAO aquelas persoas que xa teñan xa cursado en anos anteriores un máximo de tres especialidades.

2.2. Matrícula

1. As persoas finalmente seleccionadas deberán obrigatoriamente para seren admitidas, formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Oficina administrativa do impreso oficial que se poderá recoller na mesma. Con este impreso deberán aportar copia do DNI ou Pasaporte.
2. A non formalización da matrícula en prazo, significará a inmediata baixa, e, consecuentemente, a praza será ofrecida ao/á/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados das probas de acceso.